Universidade Vigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

Procedemento e calendario para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2027/2028

O Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, regula as condicións para verificar e modificar os plans de estudos e o establecemento do carácter oficial das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento.

O Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula o procedemento e as condicións para a obtención, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia, da autorización para impartir as ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster e doutoramento, así como a súa modificación e supresión. A Orde de 20 de marzo de 2012 desenvolve as especificacións contidas no mencionado decreto, regulando os diversos procedementos relacionados coa planificación e desenvolvemento da oferta de ensinanzas no Sistema Universitario de Galicia. Por último, o Acordo de 19 de xullo de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidades e as tres universidades galegas define o marco xeral de actualización do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia para o período 2022-2026, prorrogado mentres non se desenvolva un novo acordo.

Así pois, co fin de iniciar a planificación da oferta de titulacións para o curso 2027/2028, o Consello de Goberno de 30 de xullo de 2025 acorda:

a) Directrices xerais

Poderán presentarse propostas de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
A efectos deste procedemento consideraranse modificacións as realizadas en títulos existentes, independentemente de que resulten en procedementos externos de modificación ou verificación. Só poderán presentarse solicitudes de modificación dun título existente unha vez finalizada a súa implantación, coa excepción de modificacións obrigadas por un proceso externo relacionado coa acreditación do título.
As propostas de novos títulos deben adaptarse aos compromisos adoptados para a planificación da oferta académica universitaria no Sistema Universitario de Galicia.
A tramitación, en ambos casos, deberá realizarse de acordo co calendario e procedemento que figura nos anexos I e II.

b) Procedemento para a solicitude de informe previo de envío a modificación/verificación

Na Orde de 20 de marzo de 2012 establecese que con anterioridade á solicitude de verificación dos plans de estudo polo Consello de Universidades, a Consellería de Educación realizará un informe previo no que se comprobará a pertinencia socioeconómica das ensinanzas universitarias oficiais propostas e a súa adaptación aos principios, requisitos xerais e específicos recollidos no Decreto 222/2011. Segundo o procedemento establecido, a documentación que debe acompañar á solicitude de envío previo a verificación é a seguinte:

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

1) **Memoria para a solicitude de verificación/modificación** de títulos oficiais, segundo modelo normalizado.
2) **Memoria xustificativa** do cumprimento dos requisitos xerais (interese socioeconómico para Galicia, mercado laboral, demanda, non duplicidade) e específicos recollidos no Decreto 222/2011, onde se recollan todos os apartados do Anexo I da Orde de 20 de marzo de 2012.
3) **Memoria económica** na que se xustifique a viabilidade da proposta que conterá a análise e cuantificación das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta así como a xustificación das diferentes fontes de financiamento.
4) **Certificación do acordo do Consello de Goberno** polo que se propón a implantación das ensinanzas.
5) **Certificación do informe favorable do Consello Social** sobre a implantación das ensinanzas.

No caso das titulacións interuniversitarias, deberase asinar un convenio no que se fará referencia, como mínimo, as universidades participantes, a universidade responsable encargada da tramitación da solicitude do título perante a comunidade autónoma e da xestión do ciclo VSMA (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación), e a universidade coordinadora académica.
No caso de títulos con mención dual, deberase asinar coas entidades participantes o convenio específico para a formación dual universitaria segundo o anexo II da resolución do 8 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
No suposto de convenios con universidades estranxeiras deberá acompañarse de certificación do carácter oficial do título expedida pola autoridade competente ou, no seu caso, pola entidade acreditadora. A universidade correspondente do SUG custodiará os expedientes dos títulos que expida.

Toda a documentación debe presentarse en formato electrónico.

c) Tramitación

A iniciativa de propostas de verificación/modificación de títulos poderá ser tomada polo equipo de goberno e/ou os centros da Universidade de Vigo, segundo o calendario e procedemento que figura nos anexos I e II.

Memoria para a solicitude de verificación/modificación e memoria xustificativa

A memoria para a solicitude de verificación de titulacións de grao e máster conterá o plan de estudos e deberá ter en conta o establecido no anexo II do RD 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e segundo as correspondentes normativas autonómicas e da Universidade de Vigo.
A memoria para a solicitude de verificación e a memoria xustificativa serán aprobadas pola xunta ou xuntas de centro.

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

De xeito específico, no caso de modificacións nos títulos de máster estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica, así como nos títulos de grao nos que exista unha comisión académica con estas competencias.
Para o caso de memorias de verificación de novas titulacións que non sexan encargadas a un centro concreto, as memorias serán aprobadas polo Consello de Goberno a proposta da comisión/xunta de titulación que se estableza a tal efecto.
A memoria para a solicitude de verificación de titulacións de doutoramento deberá ter en conta o establecido no anexo I, do RD 99/2011 modificado polo RD 576/2023, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e segundo as correspondentes normativas autonómicas e da Universidade de Vigo. Estas memorias serán aprobadas previamente pola comisión académica do programa de doutoramento e informadas pola Comisión de Calidade para a súa aprobación no Comité de Dirección da EIDO.

Memoria económica

A memoria económica será supervisada pola Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente segundo a proposta recibida e poderá solicitar os informes que se consideren necesarios aos órganos unipersoais ou colexiados que corresponda.

Formulario e informe de modificación non substancial

Para a tramitación das modificacións non substanciais deberase cumprimentar o formulario segundo o modelo institucional dispoñible na web e o informe de aprobación pola Comisión de Calidade do centro. Este informe deberá ser asinado polo Secretario do centro e debe recoller a totalidade de modificacións non substanciais que se aproban

Para a presentación e tramitación de modificacións non substanciais dos títulos de grao e máster, deberase ter en conta o establecido no RD 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster publicado por ACSUG.

Para a presentación e tramitación de modificacións non substanciais relativas aos programas de doutoramento atenderase ao establecido no RD 576/2023, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e o Procedemento para a solicitude de modificacións nos programas de doutoramento publicado por ACSUG.

ANEXO I: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster para a súa implantación no curso 2027/28

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Presentación da **declaración de interese** verificación/modificación Grao/Máster	Xunta de Centro Consello de Dirección	Ata o 17 de outubro de 2025	– Envío por Correo electrónico[1] dos seguintes documentos: 1. Declaración de intencións de presentación de verificación/modificación do Grao /Máster, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria, segundo documento normalizado no SUG. Remisión á SXEG/SXEP e difusión á comunidade universitaria.
Remisión da documentación da proposta de **modificación non substancial** á SXEG/SXEP	Secretario/a do centro	Ata o 17 de outubro de 2025	– Envío por **correo electrónico**[1], en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para títulos grao e máster segundo documento normalizado no SUG. 2. Informe/ certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do Centro, emitido polo Secretario do Centro
Difusión á comunidade universitaria	SXEG/SXEP	Desde o 21 de outubro ata 7 de novembro de 2025	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións **non substanciais** presentadas	COAP	Ata o 21 de novembro de 2025	– Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	– Acordo do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de **verificación/modificación,** aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP	Ata o 21 de novembro de 2025	– Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	– Acordo do Consello de Goberno
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Xunta de Centro	Ata o 27 de febreiro de 2026	– Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á SXEG e SXEP	Secretaria/o do centro	Ata o 2 de marzo de 2026	– Envío **por correo electrónico**[1], en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da Memoria económica segundo formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación. 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	SXEG/SXEP	De 4 de marzo de 2026 ata 20 de marzo de 2026	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	– As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico[1]
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	VTID/SXEG/SXEP	Ata o 27 de marzo de 2026	– Dende os Servizos e a vicerreitoría revisaranse as propostas – Envío do informe técnico por correo electrónico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 24 de abril de 2026	– Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaria/o do Centro	Ata o 28 de abril de 2026	– Envío **por correo electrónico**[1], en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.

ANEXO I: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster para a súa implantación no curso 2027/28

Informe da COAP	COAP	Ata o 22 de maio de 2026	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 29 de maio 2026	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de maio 2026	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	1 de xuño de 2026	

[1] Todas as comunicacións por correo electrónico indicadas neste documento realizaranse aos seguintes enderezos: verifica.grao@uvigo.es para graos e verifica@uvigo.es para máster. Tamén poderán utilizarse estes mesmos enderezos para aclarar calquera dúbida en relación con estas instrucións.

SXEG: Servizo de Xestión de Estudos de Grao; SXEP: Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao; VTID: Vicerreitoría de Titulacións e Innovación docente

ANEXO II: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2027/28

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Presentación da **declaración de interese**	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD[2]) Grupos/equipos de investigación Dirección EIDO Consello de Dirección	Ata o 17 de outubro de 2025	– Correo electrónico[1] a eido.verifica@uvigo.es segundo formato normalizado dos seguintes documentos: 1. Declaración de INTERESE de presentación do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria no caso de verificación.
Remisión da documentación da proposta de **modificación non substancial** á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 17 de outubro de 2025	– Envío por **correo electrónico**[1], en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para programas de doutoramento da ACSUG. 2. Informe/ certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do Centro, emitido polo Secretario da EIDO.
Difusión á comunidade universitaria	SXEP	Desde o 21 de outubro ata 7 de novembro de 2025	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións **non substanciais** presentadas	EIDO	Ata o 21 de novembro de 2025	– Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	– Acordo do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación substanciais aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO	Ata o 21 de novembro 2025	– Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	– Acordo do Consello de Goberno
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente Aprobación da memoria inicial	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD[2])	Ata o 27 de febreiro de 2026	– Segundo o establecido na propia CAPD
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 2 de marzo de 2026	– Envío **por correo electrónico** (eido.verifica@uvigo.es), en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria na web da Universidade	SXEP	De 4 de marzo de 2025 ata 20 de marzo de 2026	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEP	Durante o prazo de exposición pública	– As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a eido.verifica@uvigo.es
Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO/SXEP	Ata o 27 de marzo de 2026	– Dende o SXEP e a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento – Envío do informe técnico por correo electrónico aos/ás coordinadores/as, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ata o 24 de abril de 2026	– Segundo o establecido pola CAPD

ANEXO II: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2027/28

Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 28 de abril de 2026	– Envío **por correo electrónico** (eido.verifica@uvigo.es) en formato WORD dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas. 2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Aprobación da memoria e Informe da EIDO	EIDO	Ata o 22 de maio de 2026	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 29 de maio 2026	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de maio 2026	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	1 de xuño 2026	

(1) Para aclarar calquera dúbida en relación con estas instrucións, prégase que se poñan en contacto co mail eido.verifica@uvigo.es ou tfno.: 986 812695

(2) Na declaración de interese debe constar unha proposta de composición da CAPD. O informe favorable do Consello de Goberno supón o nomeamento formal da Comisión Académica que queda facultada para desenvolver a proposta nos termos establecidos na normativa vixente

SXEP: Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao; VTID: Vicerreitoría de Titulacións e Innovación docente

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade Vigo

DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS PARA NOVAS PROPOSTAS TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO Implantación no curso 2027-2028

Normativa reguladora máis relevante:

- Real Decreto 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e o procedemento de aseguramento da súa calidade
- Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011
- Normativas e acordos propios das universidades participantes na titulación

DATOS DA PROPOSTA		
Denominación do título proposto		
Ámbito de coñecemento conforme a relación que figura no anexo I do RD 822/2021 (só se pode incluír un ámbito)		
Titulación conxunta	☐ Si ☐ Non	
No caso de titulacións conxuntas, universidades participantes con indicación da universidade coordinadora	1.	
	2.	
	3.	
Centros de impartición nas universidades participantes, con indicación da universidade á que pertence cada centro	1.	
	2.	
	3.	
Datas das xuntas de centro nas que se aproba a proposta	1.	
	2.	
	3.	
Persoas de contacto nos centros que participan na proposta	1.	Nome:
		Email:
		Cargo:
	2.	Nome:
		Email:
		Cargo:

	3.	Nome:
		Email:
		Cargo:
Proposta de título ligado a competencias profesionais reguladas	☐ Non	
	☐ Si Indicar a profesión regulada:	
Modalidade de impartición *Pódense marcar varias opcións*	☐ Presencial ☐ Híbrida ☐ Virtual	
Número de ECTS do título		
Áreas de coñecemento que poderían participar na docencia *Incluír relación, con indicación da universidade á que pertencen*		
Proposta de comisión redactora segundo o artigo 5.7 do RD 822/2021 e as normativas das universidades participantes *Indicar expresamente os membros da comisión e a universidade á que pertencen*		
Proposta de comité asesor externo *Xustificar a súa relevancia*		
Incluír unha breve descrición dos obxectivos formativos do título		
CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS XERAIS PARA NOVAS TITULACIÓNS NO SUG *Artigo 4 do Decreto 222/2011*		
Ter en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e do estudantado, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia	☐ Breve explicación:	
Ter carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG	☐ Breve explicación:	

Acreditar a súa viabilidade económica segundo os recursos dispoñibles	☐ Breve explicación:
Fomentar o espírito emprendedor e o autoemprego	☐ Breve explicación:
Ter en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora e a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades participantes	☐ Breve explicación:
Incluír unha descrición dos mecanismos que permitan unha revisión da titulación no caso de cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico profesional	☐ Breve explicación:
Non coincidir con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade (50 % de igualdade) a fin de evitar a duplicidade de títulos	☐ Breve explicación:
Xustificar o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus e potenciar a súa singularidade dentro do SUG	☐ Breve explicación:
CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA NOVAS TITULACIÓNS NO SUG *Artigo 5 do Decreto 222/2011*	
GRAOS *Deberán cumprir polo menos 2 destes criterios*	
Ser interuniversitarios, coa participación dun mínimo de dúas universidades do SUG	☐ Breve explicación:
Incluír actividades docentes e de avaliación en rede	☐ Breve explicación:
Ter un deseño curricular que favoreza a empregabilidade	☐ Breve explicación:

Favorecer a retención de talento no ámbito socioeconómico galego	☐ Breve explicación:
MESTRADOS UNIVERSITARIOS *Deberán cumprir polo menos 3 destes criterios*	
Ser interuniversitarios	☐ Breve explicación:
Outorgar competencias profesionais	☐ Breve explicación:
Ter unha orientación laboral ou práctica	☐ Breve explicación:
Xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico	☐ Breve explicación:
Garantir as prácticas do estudantado, de ser o caso	☐ Breve explicación:
Cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral	☐ Breve explicación:
Ter carácter internacional	☐ Breve explicación:
XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA *Apartado primeiro, punto 3 do acordo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do SUG*	
Xustificación da demanda baseada en evidencias	
Xustificación dos perfís profesionais que cubriría a titulación e as competencias das persoas tituladas	
Xustificación da relación coa contorna social	

Evidencias da participación de axentes externos no desenvolvemento do proxecto de título	

DOCUMENTACIÓN QUE É PRECISO ACHEGAR COA DECLARACIÓN DE INTERESE
☐ Acordos das xuntas dos centros que interveñen na proposta
SINATURAS DAS PERSOAS RESPONSABLES DA PROPOSTA *Indicar nome completo e cargo*

Data límite para a presentación da declaración de interese: 17/10/2025

Remitir a:

UDC: vti@udc.gal
USC: sxopra@usc.gal
UVigo: verifica.grao@uvigo.gal (grao); verifica@uvigo.gal (máster)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade Vigo

DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS PARA MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO
Implantación no curso 2027-2028

Normativa reguladora máis relevante:

- Real Decreto 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e o procedemento de aseguramento da súa calidade
- Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011
- Normativas e acordos propios das universidades participantes na titulación

DATOS BÁSICOS DO TÍTULO		
Denominación		
Código RUCT		
Ámbito de coñecemento		
Titulación conxunta	☐ Si ☐ Non	
No caso de titulacións conxuntas, universidades participantes, con indicación da universidade coordinadora	1.	
	2.	
	3.	
Centros de impartición nas universidades participantes, con indicación da universidade á que pertence cada centro	1.	
	2.	
	3.	
Datas das xuntas de centro nas que se aproba a proposta de modificación	1.	
	2.	
	3.	
Persoas de contacto nos centros que participan na titulación	1.	Nome:
		Email:
		Cargo:
	2.	Nome:
		Email:
		Cargo:

	3.	Nome: Email: Cargo:
Proposta de modificación dun título ligado a competencias profesionais reguladas	☐ Non ☐ Si Indicar a profesión regulada:	
Proposta de modificación do título derivada directamente do informe de seguimento e/ou renovación da acreditación	☐ Non ☐ Si Indicar cales:	
Composición da Comisión responsable do título *Indicar expresamente os membros da Comisión e a Universidade á que pertencen*		
Resumo do alcance das modificacións propostas		
DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS *Detallar segundo os apartados da memoria con indicación da necesidade, interese e obxectivos das modificacións*		
1. Descrición, obxectivos formativos e xustificación do título		
2. Resultados do proceso de formación e aprendizaxe		
3. Admisión, recoñecemento e mobilidade		
4. Planificación das ensinanzas		
5. Persoal académico e de apoio á docencia		
6. Recursos para o aprendizaxe: materiais e infraestruturas, prácticas e servizos		
7. Calendario de implantación do título		
8. Sistema Interno de Garantía de Calidade		

DOCUMENTACIÓN QUE É PRECISO ACHEGAR COA DECLARACIÓN DE INTERESE
☐ Informes favorables dos Sistemas Internos de Garantía de Calidade dos centros participantes no título ☐ Acordos das xuntas dos centros participantes no título
SINATURAS DAS PERSOAS RESPONSABLES DA PROPOSTA *Indicar nome completo e cargo*

Data límite para a presentación da declaración de interese: 17/10/2025

Remitir a:

UDC: vti@udc.gal
USC: sxopra@usc.gal
UVigo: verifica.grao@uvigo.gal (grao); verifica@uvigo.gal (máster)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade Vigo

FORMULARIO DE SOLICITUD PARA MODIFICACIONES NO SUSTANCIALES TITULACIONES DE GRADO Y MÁSTER
Implantación en el curso 2026-2027

DATOS BÁSICOS DEL TÍTULO	
Denominación	
Código RUCT	
Titulación conjunta	☐ Sí ☐ No
Universidad responsable	
Universidades participantes	
Centro responsable	
Centros participantes	
Ámbito de conocimiento de la titulación de los establecidos en el RD 822/2021	
Modalidad de enseñanza	☐ Presencial ☐ Híbrida ☐ Virtual

DESCRIPCIÓN DE LAS MODIFICACIONES NO SUSTANCIALES PROPUESTAS
Se deberán justificar las modificaciones solicitadas y, en su caso, adjuntar la versión modificada del apartado correspondiente de la memoria donde se identifiquen claramente las modificaciones que se solicitan respecto de la memoria inicial
1. Descripción, objetivos formativos y justificación del título
Texto que identifique la modificación
2. Resultados del proceso de formación y aprendizaje
Texto que identifique la modificación
3. Admisión, reconocimiento y movilidad
Texto que identifique la modificación
4. Planificación de las enseñanzas
Texto que identifique la modificación
5. Personal académico y de apoyo a la docencia
Texto que identifique la modificación

6. Recursos para el aprendizaje: materiales e infraestructuras, prácticas y servicios
Texto que identifique la modificación
7. Calendario de implantación del título
Texto que identifique la modificación
8. Sistema Interno de Garantía de Calidad
Texto que identifique la modificación
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ANEXAR A LA PROPUESTA
☐ Informes favorables de los Sistemas Internos de Garantía de Calidad de los centros participantes en el título ☐ Acuerdos de las juntas de los centros participantes en el título
FIRMAS DE LAS PERSONAS RESPONSABLES DE LA PROPUESTA *Indicar nombre completo y cargo*

Data límite para a presentación da declaración de interese: 17/10/2025

Remitir a:

UDC: vti@udc.gal
USC: sxopra@usc.gal
UVigo: verifica.grao@uvigo.gal (grado); verifica@uvigo.gal (máster)

Universidade Vigo

Informe favorable de la Comisión de Calidad del Centro por el que se validan las modificaciones no sustanciales contenidas en el Formulario

Reunida la Comisión de Calidad de la Facultad/Escuela de ....., en su sesión del x de x de 2024,

ACUERDA

1. Validar el/los formularios/s de modificaciones no sustanciales que se adjunta/n anexo/s a este documento, correspondientes a las titulaciones de:

    - Graduado/a en
    - Máster Universitario
    - …

Para que así conste, a los efectos oportunos

Ciudad, X de X de 202x

El/ Los La /s Secretarios/as de las Facultades/Escuelas

Don/Doña..... Don/Doña.....

Don/Doña.....

Universidade Vigo

Servizo de Xestión de
Estudos de Posgrao

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Edificio Filomena Dato
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 811 950

eido.uvigo.es
posgrao@uvigo.gal

Declaración de interese
para programas de doutoramento

Denominación	Programa de doutoramento en ... *Indíquese aquí a denominación formal do programa de doutoramento*
Universidades participantes	Universidade de Vigo *No caso de programas conxuntos (interuniversitarios), indíquese aquí a relación de universidades participantes e cal asume a responsabilidade do programa, de ser distinta da UVigo*
Colaboración doutras entidades (non universidades)	*Indíquese a colaboración, expresada mediante un convenio, doutros organismos, centros, institucións ou entidades con actividades de I+D+i, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros*
Datos do coordinador/a na Universidade de Vigo	Nome e apelidos:
	Enderezo electrónico:
	Teléfono de contacto:
	Número de teses dirixidas:
	Sexenios (indíquense os períodos):
	Categoría profesional:
Datos do coordinador/a xeral do programa (no caso de ser doutra universidade)	Nome e apelidos:
	Enderezo electrónico:
	Teléfono de contacto:
	Número de teses dirixidas:
	Sexenios (indíquense os períodos):
	Categoría profesional:

- **Normativas aplicables**
  - Real decreto 822/2021 e Real decreto 576/2023 polo que se modifica o Real decreto 99/2011, no que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.
  - Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.
  - Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, e acordos do Consello de Goberno da universidade do 24 de maio de 2012 e do 25 de setembro de 2023.

- **Información para verificar novos programas de doutoramento**
  - ACSUG: Guía para a avaliación previa á verificación dos programas de doutoramento

- **Información para modificar os programas de doutoramento**
  - ACSUG: Protocolo REACU para a modificación de programas de doutoramento
  - ACSUG: Procedemento para a solicitude de modificacións nos programas de doutoramento

Envíese o documento cuberto a eido.verifica@uvigo.gal
A data límite para enviar a declaración de interese é o **XX de XXXX de 20XX**.

Tipo de proposta (márquese segundo conveña)

☐	Verificación (para a implantar no curso 20XX/XX)	-Novo programa: inclúase unha breve, aínda que precisa, descrición da necesidade, interese e obxectivos do programa, e a súa adecuación aos requisitos que figuran no artigo 4 do Decreto 222/2011. Ademais, xunto coa declaración deberanse achegar as follas relativas aos equipos de investigación participantes co obxecto de comprobar os requisitos necesarios. -Unión/refundición de programas existentes: indíquense os nomes dos programas e o número de estudantes matriculados por curso académico en cada un deles dende a súa implantación.
☐	Modificación substancial (para implantar no curso 20XX/XX)	Resúmase o alcance das modificacións propostas
☐	Suspensión (para implantar no curso 20XX/XX)	Indíquense os motivos e o período de suspensión
☐	Extinción (para implantar no curso 20XX/XX)	Indíquense os motivos

Modificacións non substanciais:
para estas propostas de PD responsabilidade da UVigo, empréguese o modelo
ACSUG: Formulario de solicitude de modificación no substancial para programas de doutoramento

Resumo da proposta

Firma do coordinador/a na Universidade de Vigo:	Data de aprobación pola CAPD:

Cúbranse as seguintes follas só no caso de propostas de verificación

Proposta da composición da comisión académica do programa de doutoramento	
Presidente/a	*Coordinador/a*
Secretario/a	*Indíquese o nome, categoría, núm. de sexenios e universidade de adscrición*
Vogais (engádanse tantas filas como sexan necesarias)	*Indíquese o nome, categoría, núm. de sexenios e universidade de adscrición*

A Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario e as ESG/ENQA 2015 Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior establecen a participación do estudantado no deseño dos programas de estudo. Polo tanto, no proceso de elaboración das memorias de novos programas e de modificacións substanciais débese incluír tamén, cando menos, un/unha estudante matriculado nun programa de doutoramento do mesmo ámbito de coñecemento:

Datos da/o(s) estudante(s)	
Nome e apelidos	
Programa de doutoramento no que está matriculado/a (indíquese o ano no que se atopa)	

A) Información relativa aos recursos humanos do programa de doutoramento. O conxunto do persoal investigador que constitúe os recursos humanos do programa de doutoramento pode conformarse nun ou máis equipos de investigación. No caso de organizarse en máis dun equipo, a información da epígrafe A) debe indicarse para cada equipo.

Equipo núm. _____							
Indíquese a relación do persoal investigador doutor adscrito á UVigo. No caso de que o investigador/a figure noutra proposta, deberá facelo constar expresamente (engádanse cantas filas como sexan necesarias)							
Nome e apelidos (engádanse as filas necesarias)	Categoría	Área de coñecemento	Núm. de teses dirixidas nos últimos 5 anos		Núm. de sexenios	Data do último sexenio	Participa noutra proposta de programa de doutoramento: Campus do mar, Nanomedicina, outra interuniversitaria? (indíquese)
			Dirixidas	Codirixidas			
Indíquese a relación do persoal investigador doutor de fóra da UVigo. No caso de que o investigador/a figure noutra proposta, deberá facelo constar expresamente (engádanse cantas filas como sexan necesarias)							
Nome e apelidos (engádanse as filas necesarias)	Categoría	Entidade/institución/universidade	Núm. de teses dirixidas nos últimos 5 anos		Núm. de sexenios	Data do último sexenio	Participa noutra proposta de programa de doutoramento? (indíquese)
			Dirixidas	Codirixidas			

Datos dun proxecto de investigación do equipo núm. _____	
Título do proxecto/contrato de investigación	
Investigador/a principal	
Referencia do proxecto	
Entidade financeira	
Entidades participantes	
Duración (data de inicio e data de fin)	
Número de investigadores/as participantes no proxecto	

Relación de liñas de investigación do equipo núm. _____	
Denominación da liña de investigación	Responsable da liña de investigación
Engádanse as filas necesarias	

B) Selección de **dez teses dirixidas** polo persoal do programa de doutoramento (conxunto dos investigadores/as do programa) no período de 1/1/20XX a 31/12/20XX recollendo, para cada unha delas, **un máximo dunha contribución**. A información da correspondente contribución convén que se axuste aos modelos propostos na epígrafe C) «Contribucións do profesorado do programa».

Tese 1	
Datos da tese	Doutorando/a:
	Director/a(s):
	Título:
	Ano de lectura da tese:
	Universidade de lectura:

Engádase a contribución correspondente á tese.

C) Selección de **25 contribucións** do persoal do programa de doutoramento (conxunto dos investigadores/as do programa). As contribucións deben estar comprendidas no período 20XX-20XX. No relativo ao formato deste apartado, recoméndase usar o da memoria de verificación, dispoñible na páxina web da UVigo e, en calquera caso, presentar os indicios de calidade da contribución.